

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>) CELEBRADA O DÍA 26/05/2022

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Asistentes

- D. ARGIMIRO SERÉN MERA
- DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
- DONA SONIA OUTÓN CASAL
- D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
- DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
- D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
- DONA ALBA BRIONES GAMARRA
- D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
- DONA MATILDE LAYA LORENZO
- DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
- DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
- D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
- DONA INMACULADA DIEZ VILLARROYA
- D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ
- D. XOSE LOIS LEIROS GUDE
- D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO
- DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ

Lista de non asistentes:

- DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
- D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
- D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

SECRETARIA ACCTAL

MARIA ROSARIO GONZALEZ PACIOS

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 26/05/2022, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta das sesións anteriores, ordinaria de 24 de abril de 2022 e extraordinaria e de honra de 30 de abril de 2022.
- 2.- Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de abril de 2022.
- 3.- Toma de coñecemento das subvencións concedidas pola Deputación Provincial ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023.
- 4.- Toma de coñecemento do informe de morosidade e período medio de pago, correspondente ao 1º trimestre /2022 do Concello e da Fundación de Deportes, ao abeiro do disposto na Lei 5/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de Decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- 5.- Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
- 6.- Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG relativa ao mantemento en condicións adecuadas das administracións en Galiza da Axencia Estatal Tributaria así como dos postos de traballo precisos a tal efecto.

7. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE, para instar á Xunta de Galicia á reactivación das axudas para o soterramento de liñas eléctricas.

8. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común, solicitando que se busquen fórmulas que permitan a convivencia do actual nome co que se pretende dar ao IES de Carril.

9. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PP de rexeitamento á decisión de cambiar o nome ao IES Miguel Angel González Estevez.

10. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila, para a elaboración dun programa municipal de compostaxe.

11. Comparecencia de Dona Paola María Mochales, en calidade de Concelleira de Urbanismo, a petición do grupo político municipal do PP, en relación co proxecto "Mellora de Seguridade e accesibilidade do camiño escolar seguro aos centros do entorno de Matosinhos".

12. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

13. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

14. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

15. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Ricardo Lages Insua utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, ORDINARIA DE 24 DE ABRIL DE 2022 E EXTRAORDINARIA E DE HONRA DE 30 DE ABRIL DE 2022.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación das actas.

O Sr. Leirós Gude solicita que na acta do 30 de abril de 2022, se inclúa como asistente á sesión.

Unha vez realizada esta rectificación quedan aprobadas por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18), as actas das sesións anteriores, ordinaria de 24 de abril e extraordinaria e de honra de 30 de abril de 2022.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220526&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE

ABRIL DE 2022: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 2 Expediente de Modificación de Crédito por xeración de crédito
- 2 Expediente de Modificación de Crédito de transferencia de crédito
- 2 Concesión de licenza animais potencialmente perigosos
- 1 Baixas Padrón Municipal de Habitantes
- 1 Envío vehículos a Desguace
- 2 Remisión expedientes a Xulgado do Contencioso Administrativo
- 1 Aboamento en nómina servizos prestados en domingo, noites e festivos.
- 1 Nomeamento funcionarios en prácticas Policía Local
- 1 Delegación da Alcaldía
- 1 Corrección de erro gratificacións servizos en domingo, festivos e nocturnidade
- 1 Pagamento plan de pensións marzo
- 1 Substitución posto categoría superior
- 1 Taxa BOP publicación anuncio
- 4 Estimatoria/deseestimatoria taxas e prezos públicos
- 1 Estimatoria beneficios fiscais IAE
- 68 Estimatoria pagos duplicados
- 5 Estimatoria liquidacións e baixas
- 10 Estimatoria/deseestimatoria compensación de débedas
- 3 Estimatoria recibos
- 4 Estimatoria bonificación IBI
- 4 Estimatoria IBI
- 14 Estimatoria IIVTNU
- 14 Estimatoria/deseestimatoria beneficios fiscais
- 8 Pago comisións bancarias
- 3 Pago Expedientes Tesourería
- 2 Pago xuros
- 3 Pago préstamos bancarios
- 1 Pago comunicacións
- 1 Pago emerxencias sociais
- 18 Pago expedientes Intervención
- 2 Comunicación cambio de titularidade actividade
- 11 Deber de conservación
- 8 Orde de execución limpeza
- 4 Reposición da legalidade urbanística
- 3 Instalación de terrazas
- 1 Prórroga para remate de obras
- 1 Subrogación na licenza de primeira ocupación
- 1 Licenza para reparcelación

3 Ineficacia da comunicación previa
 5 Licenza de obra maior
 1 Informe ditame de edificio
 2 Legalización obras ou instalacións
 1 Licenza para obras de urbanización
 11 Licenza de obra menor
 30 Comunicación previa obras

TOTAL: 264

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220526&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL CON CARGO AO PLAN CONCELLOS: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de maio de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da relación de investimentos solicitados ao Plan Provincial de obras e Servizos, así como dos importes concedidos

RELACIÓN DE INVESTIMENTOS SOLICITADOS AO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (Plan Concellos) 2022/2023 PARA DAR CONTA AO PLENO

Denominación	Liña	Importe	Subvención solicitada Deputación Provincial	á Achega do Concello Vilagarcía	Data do acordo da Xunta de Goberno Local solicitando a subvención	Data de Concesión da Subvención
Construcción do novo Skatepark en Vilagarcía. CT 01/2022-e	LIÑA 1 /POS 2022/2023	309.426,03 €	35,36%(109.426,03€)	200.000 €	X.G.L: 24/01/2022	X.G. 08/04/2022
Mellora de accesibilidade 2ª fase 2020 nas Rúas Doutor Tourón , Marxión e Urbanización O Piñeiriño. CT 04/2022	LIÑA 1 /POS 2022/2023	150.000,00 €	100%	0,00 €	X.G.L: 24/01/2022	X.G. 08/04/2022
Subministro de luminarias para mellora iluminación campo de fútbol A Lomba. CT 05/2022	LIÑA 1 /POS 2022/2023	130.680,00 €	100%	0,00 €	X.G.L: 31/01/2022	X.G. 13/05/2022
Combate Naval en Vilagarcía de Arousa 2022. CT 16/2022	LIÑA 2/ POS 2022/2023	41.198,08 €	23.468,81 €	17.729,27 €	X.G.L.: 21/02/2022	R.P. 18/04/2022

RELACIÓN DE INVESTIMENTOS SOLICITADOS COMO REINVERSIÓN DOS INVESTIMENTOS DO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (Plan Concellos) 2020 PARA DAR CONTA AO PLENO

Denominación	Liña	Importe	Subvención solicitada Deputación Provincial	Data do acordo da Xunta de Goberno Local solicitando a subvención	Data de Concesión da Subvención
CONSTRUCCION DE MURO DE CONTENCIÓN ENTRE A RÚA SOUTO DE ARRIBA E A RÚA CENTRO, EN CASTROAGUDIN (CT 60/2021)	LIÑA 1 /POS 2020 (Reinversión) Baixa obtida na licitación do "Mellora de Servizos e Urbanización na rúa	33.399,15 €	100%	X.G.L. 25/04/2022	R.P. 10/05/2022

	Freixo en Vilaxoán"				
--	---------------------	--	--	--	--

A Comisión queda sabedora.

O Concello queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220526&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGO, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE/2022 DO CONCELLO E DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, AO ABEIRO DO DISPOSTO NA LEI 5/2010, DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de maio de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta do Informe trimestral de Tesourería e da Intervención Municipal, do primeiro trimestre de 2022, emitido segundo o previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.103.734,99	1.206.171,21
Investimentos reais	346.372,80	55.983,59
Outros pagos realizados por operacións comerciais	0,00	0,00
Pendientes de aplicar a Orzamento		
TOTAL	1.450.107,79	1.262.154,80

Xuros de demora pagados no trimestre:0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.504.350,37	406.833,52
Investimentos reais	78.669,38	76.546,29
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar a Orzamento	288.648,51	275.178,12
TOTAL	1.872.526,26	758.557,93

Período medio de pago:59,18 días

Dáse conta do informe da Interventora da Fundación de Deportes, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fora do periodo legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	101.014,92	26,62
Investimentos reais	76.602,42	
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar a orzamento		

TOTAL	177.617,34	26,62
-------	------------	-------

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	45.923,75	
Investimentos reais		
Outros pagos realizados por operacións comerciais		
Pendientes de aplicar ao orzamento		
TOTAL	45.923,75	

Período medio de pago: 31,74 días

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220526&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Están presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá:

- Dona LISSET REIRIS PADIN, en relación coas mocións presentadas polos grupos políticos municipais do PP e Vilagarcía en Común sobre o cambio de nome do IES Miguel Angel González Estévez.

(puntos 8 e 9 da Orde do Día do Pleno).

- Intervén no Pleno a Sra. Reiris Padín.

A seguir polo Sr. Alcalde procédese a alterar a orde do día do Pleno tratando a continuacións os asuntos que figuran cos números 8 e 9 da orde do día, que se debaten de forma conxunta realizando a votación individualmente.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220526&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE VILAGARCÍA EN COMÚN, SOLICITANDO QUE SE BUSQUEN FÓRMULAS QUE PERMITAN A CONVIVENCIA DO ACTUAL NOME CO QUE SE PRETENDE DAR AO IES DE CARRIL:

DE CARRIL: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 26 de maio de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común coa data de 10 de maio de 2022, do seguinte teor:

O Voceiro do Grupo Municipal de Vilagarcía en Común, VeC, Juan Mnuel Fajardo Recouso, ao amparo do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e no seu caso, aprobación por parte do pleno a Seguinte Moción Exposición de Motivos.

Vimos de coñecer polos medios de comunicación a decisión de modificar o nome do Instituto Miguel Angel González Estévez, nome que o instituto recibía dende marzo do 2004 en memoria do que fora o seu director durante 15 anos.

No seu día, a decisión de nomear Miguel Angel González Estévez ao instituto de Carril contou co apoio de gran parte da comunidade educativa e sobre todo, do conxunto da cidadanía do concello. Miguel Ángel non so era un director, querido polos alumnos e a comunidade escolar, era e é unha referencia da participación e construción comunitaria do noso concello, así durante moitos anos presidiu o clube de baloncesto Cortegada, sendo un dos loitadores máis destacados a prol do deporte da canasta en Vilagarcía, el como moitos outros, foron quen de converter Vilagarcía nunha cidade de Baloncesto.

Todos os que tivemos a oportunidade de coñecelo, sabemos da súa implicación no traballo social, e tamén na política, pero foi unha persoa que ensinou dende a praxe, que a filiación política non debe ser un problema para a convivencia e a colaboración, dende a distancia ideolóxica sempre tendeu pontes para contruir unha Vilagarcía mellor, xentes coma el, fan de Vilagarcía un pobo distinto, orgulloso e exemplo de actividade social organizada.

Por iso non se entende a decisión adoptada, e consentida, pola Xunta, que vimos de coñecer pola prensa, unha vez mais, non só as decisións son cuestionables, tamén as formas.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal de Vilagarcía en Común, propón a adopción dos seguintes Acordos:

O Concello de Vilagarcía quere mostrar o seu rexeitamento a modificación do nome do instituto Miguel Ángel González Estévez, e traslada a Consellería responsable a solicitude de que busque fórmulas que permitan a convivencia do actual nome o que se pretende dar ao centro.

O Concello de Vilagarcía dará traslado do presente acordo, ao Goberno de Galicia, a Mesa do Parlamento Galego, e os grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e Vilagarcía en Común informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción presentada polo grupo político municipal de Vilagarcía en Común solicitando que se busquen formulas que permitan a convivencia do actual nome co que se pretende dar ao IES de Carril.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezaseis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (10), PP (5), e Vilagarcía en Común (1) e dúas abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do BNG (1) e Podemos-Marea da

Vila (1)

ACÓRDASE Por maioría:

- Mostrar o rexeitamento a modificación do nome do instituto Miguel Ángel González Estévez, e trasladar a Consellería responsable a solicitude de que busque fórmulas que permitan a convivencia do actual nome o que se pretende dar ao centro.
- Dar traslado do presente acordo, ao Goberno de Galicia, a Mesa do Parlamento Galego, e os grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220526&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP DE REXEITAMENTO Á DECISIÓN DE CAMBIAR O NOME AO IES MIGUEL ANGEL GONZÁLEZ ESTEVEZ: Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 26 de maio de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 17 de maio de 2022, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular de Vilagarcía, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 26 de maio de 2022 a seguinte MOCIÓN:

Rexeitamento á decisión de cambiar o nome ao IES Miguel Ángel González Estévez

EXPOÑEN

Con data do 27 de xaneiro de 2021, o claustro e o Consello Escolar do IES Miguel Ángel González Estévez aprobaron o cambio de nome deste centro por IES O Carril. Unha decisión que, segundo os trámites establecidos no Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, foi autorizada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade e fíxose efectiva coa súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG) número 85 do martes 3 de maio de 2022.

Desde o primeiro instante no que ese cambio se fixo público, sucedéronse as mostras de sorpresa, incompreensión e rexeitamento ao longo de Vilagarcía. Tanto a familia de Miguel Ángel González Estévez como os seus antigos alumnos e compañeiros, así como diversas entidades culturais e deportivas vinculadas á súa figura e a propia veciñanza vilagarcíá non dubidaron en facer público este rexeitamento cara á decisión adoptada pola dirección, o claustro e o Consello Escolar do instituto carrilexo.

Non en balde, a decisión de darlle o nome de Miguel Ángel González Estévez a este centro en 2004 fora resultado dun clamor social procedente da comunidade educativa e da veciñanza en conxunto como forma de homenaxear á persoa que contribuíu de xeito notorio á creación e desenrolo do instituto, que o dirixiu desde 1986 ata 2001 e que desempeñou un papel activo na dinamización educativa, social, política, deportiva e cultural de Vilagarcía.

Proba disto é que, grazas á súa implicación e determinación, a nosa cidade puido contar por primeira vez cun equipo na máxima categoría do

baloncesto feminino español (o A.D. Cortegada) ou que, na súa faceta política, o seu obxectivo fose sempre ser útil á sociedade vilagarcíá e buscar acordos que beneficiasen a todos.

Estes son tan só dous dos innumerables méritos aínda perdurables que se lle poden adxudicar e que, en conxunto, o fixeron sobradamente merecedor desa homenaxe. E posto que eses méritos continúan vixentes e a súa honorabilidade permanece intacta, consideramos que este centro debe seguir conservando o nome de Miguel Ángel González Estévez.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular de Vilagarcía propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. A Corporación Municipal de Vilagarcía manifesta o seu rexeitamento á decisión do cambio de nome ao IES Miguel Ángel González Estévez.

2. A Corporación Municipal de Vilagarcía insta ao claustro do referido centro a que inicie os trámites para a reversión do cambio aprobado e recupere o seu nome anterior: IES Miguel Ángel González Estévez.

En Vilagarcía de Arousa, a 17 de maio de 2022.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP e Vilagarcía en Común informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do BNG e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP de rexeitamento á decisión de cambiar o nome ao IES Miguel Ángel González Estévez.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezaseis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (10), PP (5), e Vilagarcía en Común (1) e dúas abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do BNG (1) e Podemos-Marea da Vila (1)

ACÓRDASE Por maioría:

1. Manifestar rexeitamento á decisión do cambio de nome ao IES Miguel Ángel González Estévez.

2. Instar ao claustro do referido centro a que inicie os trámites para a reversión do cambio aprobado e recupere o seu nome anterior: IES Miguel Ángel González Estévez.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220526&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA AO MANTEMENTO EN CONDICIÓNS ADECUADAS DAS ADMINISTRACIÓNS EN GALIZA DA AXENCIA ESTATAL TRIBUTARIA ASÍ COMO DOS POSTOS DE TRABALLO PRECISOS A TAL EFECTO. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 26 de maio de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa data de 18 de maio de 2022, do seguinte teor:

Moción relativa ao mantemento en condicións adecuadas das administracións en Galiza da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) así como dos postos de traballo precisos a tal efecto.

O Grupo Municipal do BNG do Concello de Vilagarcía de Arousa presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Exposición de Motivos

A Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) é un organismo público pertencente á Administración Xeral do Estado español que ten encomendada a xestión do sistema tributario e aduaneiro do Estado, así como daqueles recursos doutras entidades públicas e administracións que lle sexa encomendada por lei ou convenio. Para estes efectos, asume dentro das súas

funcións diversas tarefas e servizos, fundamentalmente de inspección, xestión e recadación. Sendo Galiza neste momento unha das comunidades de réxime común do Estado, este organismo ten importancia no noso país ao ser a encargada da recadación de boa parte dos impostos dos galegos e galegas, para alén doutras funcións. Trátase, polo tanto, dun servizo público que debe dar cobertura ás necesidades de información e xestión das e dos galegos en cumprimento das súas obrigas tributarias. Máis aínda, para o desenvolvemento destas é fundamental a accesibilidade aos servizos e é indubidábel que para asuntos relacionados coas obrigas coa facenda pública, que implican unha grande responsabilidade e por veces unha complexidade engadida canto aos procedementos, é preciso garantir a posibilidade da atención presencial ás e aos usuarios.

Con atención á Resolución do 21 de setembro de 2004, da Presidencia da AEAT pola que se establece a estrutura e organización territorial da Agencia Estatal de Administración Tributaria, recolle o proceso de rexionalización de competencias e funcións e aspectos referentes á modernización dos procedementos e estruturas. Neste sentido, determínase a disposición dos órganos territoriais da AEAT entre os que están as Delegacións Especiais da Axencia Tributaria para cada unha das Comunidades Autónomas e no Anexo 1 relaciónanse estas así como as delegacións que integra e no Anexo II as Delegacións especiais. Neste sentido, enuméranse un total de dezoito puntos para o noso país, un mapa que estaría hoxe vixente.

Este proceso tense traducido nunha liña de redución progresiva do papel das diversas Administracións que a AEAT ten en Galiza, nomeadamente as daquelas cabeceiras de comarcas máis rurais, afastando os servizos tributarios da poboación. Isto dáse pola vía da amortización das prazas de persoal que se xubila ou que, mediante procedementos de mobilidade interna, pasa a desempeñar un posto noutra localidade. Ao non convocarse

prazas para estas Administracións nos concursos ou procedementos de mobilidade que se convocan dentro da AEAT o persoal destas administracións tense reducido de forma importante.

A concentración destes servizos tributarios en determinadas cidades supón un prexuízo para as persoas que precisan de asistencia para as súas xestións tributarias. Por un lado, obriga a realizar desprazamentos cara as capitais provinciais a persoas que podían ter atendimento na súa cabeceira comarcal. Atendendo á realidade do transporte público no noso país, isto supón unha dificultade adicional dada a extrema dificultade de combinar horarios e frecuencias para facelo, o que obriga a tirar de vehículo particular- con canto isto conleva- ou a un gasto adicional en taxis.

Por outra banda, trátase dun servizo que non pode ofrecerse sempre de maneira telefónica ou telemática, atendendo á realidade sociodemográfica galega e ás lagoas de cobertura nos servizos de telefonía e internet, o que fai que ambas posibilidades non sexan realmente alternativas para moita xente. Isto tradúcese, ao final, nunha privatización encuberta do servizo, empuxando á xente a acudir a asesorías e xestorías para realizar trámites ante a Administración Tributaria que antes realizaba perfectamente na Administración da AEAT da súa comarca.

Consecuentemente, estas oficinas están a perder o seu cometido sensibelmente e nalgúns casos perden funcionalidade para a atención ao público, nunha tendencia que se veu acrescentada por causa da pandemia da covid-19. Por exemplo, en Monforte quitaron a unidade de IVE e en Betanzos xa non hai unidade de módulos nin de recadación, obrigándose á veciñanza destas comarcas a desprazárense ás Delegacións ubicadas nas capitais de provincia. Concretamente, na nosa comarca, a Administración de Vilagarcía de Arousa é a que presta servizo aos municipios de Caldas de Reis, Cambados, Catoira, Grove (O), Illa de Arousa (A), Meaño, Meis, Moraña, Pontecesures, Portas, Ribadumia, Valga, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa. Desde o ano 2017 viu reducida o seu cadro de persoal nun 6.9%, pasando de 29 empregadas públicas a 27. De comparar co 2000, resulta que nos últimos 20 anos, son 5 persoas menos as que prestan servizos na Administración da AEAT de Vilagarcía de Arousa, un 15.63%.

A maiores, súmase a ausencia de persoal funcionario, pola negativa a cubrir realmente estes postos de traballo, que redundará tamén na perda de atención real ao público e contribúe a privar de servizos esenciais como os tributarios a comarcas enteiras. Esta dinámica podería agravarse aínda máis, dada a idade media do persoal ao servizo da AEAT no noso país caso de non cubrirse estas prazas.

Todo isto ven redundar, máis unha vez, no baleiramento das vilas cabeceiras de comarca e dos municipios rurais, ao restarlle cada vez máis servizos desde as Administracións Públicas,

forzando na vía dos feitos a abandonalos pola precariedade, cando non ausencia, de servizos. Por canto antecede, propónse do Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS

1- Instar ao goberno do Estado a:

1. Recuperar para os centros administrativos en Galiza da AEAT, como mínimo, os índices de traballadores e traballadoras existentes no ano 2000 garantindo, en igualdade de condicións ao longo do territorio galego, a atención presencial ao público para o asesoramento e servizos que presta.

2. Adoptar de forma urxente as actuacións necesarias para evitar a perda de emprego público e a deterioración dos servizos por mor do desmantelamento encuberto dos centros administrativos da AEAT en Galiza.

2- Instar á Xunta de Galiza a demandar do goberno do Estado o cumprimento dos puntos anteriores.

3- Facultar á alcaldía e/ou concelleira en quen delegue a realizar as xestións precisas para o cumprimento destes acordos.

Vilagarcía de Arousa 18 de maio de 2022

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal do BNG informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación moción presentada polo grupo político municipal do BNG relativa ao mantemento en condicións adecuadas das administracións en Galiza da Axencia Estatal Tributaria así como dos postos de traballo precisos a tal efecto.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (18 de 21)

ACÓRDASE:

1- Instar ao goberno do Estado a:

1. Recuperar para os centros administrativos en Galiza da AEAT, como mínimo, os índices de traballadores e traballadoras existentes no ano 2000 garantindo, en igualdade de condicións ao longo do territorio galego, a atención presencial ao público para o asesoramento e servizos que presta.

2. Adoptar de forma urxente as actuacións necesarias para evitar a perda de emprego público e a deterioración dos servizos por mor do desmantelamento encuberto dos centros administrativos da AEAT en Galiza.

2- Instar á Xunta de Galiza a demandar do goberno do Estado o cumprimento dos puntos anteriores.

3- Facultar á alcaldía e/ou concelleira en quen delegue a realizar as xestións precisas para o cumprimento destes acordos.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220526&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE, PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA Á REACTIVACIÓN DAS AXUDAS PARA O SOTERRAMENTO DE LIÑAS ELÉCTRICAS. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 26 de maio de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE, coa data de 6 de maio de 2022, do seguinte teor:

MOCIÓN: REACTIVACIÓN DUNHA LIÑA DE AXUDAS PARA O SOTERRAMENTO DAS LIÑAS ELÉCTRICAS

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As administracións locais, e especialmente o Concello de Vilagarcía de Arousa, na mellora das rúas da cidade están a acometer as obras de ampliación de tódolos servizos, nos que se teñen sempre en conta as tubaxes para o soterramento de tódalas liñas que agora mesmo están a ensuciar as fachadas das nosa vila.

Nas obras civís que se fan ao longo de todo o termo municipal tense xa en conta todas as futuras obras que os servizos necesitarán para a súa mellora ou ampliación, pero o soterramento das liñas eléctricas é algo inasumible para os concellos polo seu elevado custe, especialmente os máis pequenos.

O Decreto 230/2020, do 23 de Decembro, establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a cal atribúe as competencias en materia de execución de programas para a mellora das infraestruturas e da calidade da subministración eléctrica.

En virtude da devandita competencia, é responsabilidade da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación apoiar as actuacións que teñen como finalidade a adecuación e mellora das infraestruturas eléctricas de alta e baixa tensión, así como apoiar as corporacións locais para que pidan acometer este tipo de proxectos.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal socialista somete á consideración do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galicia e á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación recuperar as axudas para o soterramento de infraestruturas eléctricas que transcorran polo termos municipais para o conxunto dos municipios galegos.

Vilagarcía de Arousa, 03 de maio de 2022

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común e Podemos-Marea da Vila din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE para instar á Xunta de Galicia á reactivación das axudas para o soterramento de liñas eléctricas.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (10), BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1) e cinco abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (5)

ACÓRDASE Por maioría:

1. Instar á Xunta de Galicia e á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación recuperar as axudas para o soterramento de infraestruturas eléctricas que transcorran polo termos municipais para o conxunto dos municipios galegos.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220526&punto=7>
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE PODEMOS-MAREA DA VILA, PARA A ELABORACIÓN DUN PROGRAMA MUNICIPAL DE COMPOSTAXE. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Mobilidade de data 26 de maio de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila coa data de 17 de maio de 2022, do seguinte teor:

María de la O Fernández González, concelleira e voceira do Grupo Municipal de Marea da Vila, ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexan propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa, na súa sesión ordinaria do mes de maio, a seguinte moción:

Moción para a elaboración dun programa municipal de compostaxe.

O mes pasado traíamos a este pleno unha moción sobre a economía circular que, recordemos, segue un modelo de produción e consumo que implica nos seus procesos o reutilizar, reparar ou reciclar todo tipo de recursos e residuos para conseguir unha produción o máis sostible posible. Trata de optimizar ao máximo os materiais que empregamos, para non ser refugados, e ser utilizados noutra cousa ou para volver empezar. Así, os nosos residuos pasarán a ser de novo materias primas.

Hai que salientar que, aínda que este concepto pareza unha tendencia actual, o seu proceso sempre estivo entre nós. A natureza en si, é a súa inventora, é dicir, a natureza márcanos un ciclo de vida e renóvao co seu crecemento de forma natural. A propia natureza é a causante da economía circular.

Todo este proceso, lévanos a entender que a compostaxe é a perfecta mostra na agricultura de economía circular. Xa que converte os refugallos orgánicos nunha enriquecida compostaxe que servirá como fertilizante para chans e plantas, entre outras utilidades. Trátase dun proceso controlado que imita o ciclo da natureza e que, grazas aos avances científicos e tecnolóxicos, permite crear compostaxe de gran calidade e de forma sostible e cun menor impacto para o medio ambiente.

En Vilagarcía, a pesar de que o Plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra está a facilitar a implementación da compostaxe nos municipios, a estratexia levada a cabo polo Concello resulta insuficiente ao non estar á altura dos obxectivos de sustentabilidade que debería marcarse un concello que quere pensarse sostible. Vemos como apenas existen dous centros de compostaxe comunitario en O Piñeiriño e os composteiros individuais que están funcionando nas vivendas do rural rondan os 100. Isto, comparativamente con outros concellos, como é o caso de Moaña que cunha poboación de cerca de 20.000 habitantes ten 11 centros de compostaxe comunitaria e previsto instalar outros 3, evidencia que en Vilagarcía non existiu nin existe unha aposta clara pola compostaxe. Algo que se constata no novo prego do contrato do lixo no que se aposta polos contedores marróns para a recollida de materia orgánica, á par de que non se coñece unha próxima implantación de plantas comunitarias de compostaxe máis alá da que se prevé introducir na Praza de Abastos. No caso dos residuos vexetais, o prego especifica o seguinte:

RECOGIDA TRANSPORTE Y GESTIÓN DE BIORRESIDUOS DE RESTOS VEGETALES Y DE PODA DE ORIGEN DOMICILIARIO

Este servizo comprende a recollida diferenciada, de los residuos biodegradables procedentes de podas, siegas, rozas, etc. en domicilios particulares y que no sean resultado de una actividad agrícola profesional.

Los licitadores propondrán el servicio necesario para la recollida y el transporte hasta el gestor final de los biorresiduos de restos vegetales y de poda de manera separada al del resto de fracciones de residuos.

Queda incluído en el precio del contrato la recollida y el transporte hasta instalación autorizada

dentro o fuera del término municipal, según indiquen los servicios municipales. En caso de situarse fuera del término municipal, la distancia de transporte no podrá superar los 50 km desde el límite del municipio, excepto que no exista planta de tratamiento autorizada para FORM en ese radio.

Los licitadores incluirán en su memoria:

- Equipos para emplear en la realización de los trabajos y su composición.
- Sistemas previstos para la separación y el transporte.
- Servicio de atención telefónica para la recogida puerta a puerta a demanda. La recogida se hará, como mínimo, una vez a la semana entre los meses de marzo y octubre y una vez cada diez días entre los meses de noviembre y febrero.
- Campaña de difusión del servicio a la población con anuncios y folletos para que los ciudadanos tomen conciencia de la necesidad de recoger los restos de poda y del beneficio que conlleva reciclarlos, donde se especificará, además, las características del servicio
- Posibilidad de que el usuario, a través de la plataforma web, además de informarse sobre el servicio, pueda solicitar la recogida en una fecha determinada.

En ningún caso el adjudicatario estará obligado a entrar en propiedades de titularidad privada para la retirada de estos residuos.

El coste de tratamiento de los residuos de poda recogidos correrá a cargo del Ayuntamiento de Vilagarcía de Arousa.

Non se indica se existe algún tipo de retorno destes residuos en forma de compost, nin se menciona nada respecto dos provintes das podas dos parques e zonas axardinadas públicas, cando sería convinte que o retorno destes residuos repercutiran na propia actividade que os xera. Por todo o anteriormente exposto, propónse ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes:

ACORDOS

Instar ao Concello de Vilagarcía a:

1. Que o Concello deseñe e poña en marcha un programa de promoción da compostaxe doméstica e comunitaria, por ser unha das medidas máis eficaces para a redución da produción de residuos e en cumprimento dos novos requirimentos legais en materia de tratamento de biorresiduos, no que se especifiquen as zonas, tanto urbanas como rurais, nas que se realizará a expansión da compostaxe comunitaria.

1. Que o desenvolvemento deste programa inclúa a participación e información da veciñanza co fin de implicala na estratexia de expansión da compostaxe comunitaria pública e privada e doméstica a través das charlas e formacións pertinentes para favorecer que os centros de compostaxe comunitaria se instalen nas zonas que faciliten a súa implantación.

2. Que o Concello redacte e aprobe unha ordenanza municipal reguladora das distintas modalidades de compostaxe e estableza a forma de participación e os dereitos e obrigas das veciñas que participen.

3. Estudar as alternativas que favorezan o retorno dos residuos vexetais co fin de que repercutan positivamente na propia actividade de orixe.

4. Que este programa de compostaxe se acompañe de incentivos fiscais a partir do ano 2023, como podería ser unha rebaixa na taxa do lixo para os fogares que se acollan a calquera das opcións de xestión de residuos recollidos en dito programa.

5. Dispoña dos recursos para a elaboración deste plan a través de subvencións doutras administracións ou fondos propios.

Vilagarcía de Arousa, 17 de maio de 2022

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP, Vilagarcía en Común e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila para a elaboración dun programa municipal de compostaxe

Dáse conta da seguinte emenda de substitución presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE:

Instar ao Concello de Vilagarcía a:

1. Que o Concello deseñe e poña en marcha un programa de promoción da compostaxe doméstica e comunitaria, por ser unha das medidas máis eficaces para a redución da produción de residuos e en cumprimento dos novos requirimentos legais en materia de tratamento de biorresiduos, no que se especifiquen as zonas, tanto urbanas como rurais, nas que se realizará a expansión da compostaxe comunitaria.

Substituir "que o Concello deseñe e poña en marcha un programa de promoción da compostaxe doméstica e comunitaria", por "Que o Concello potencie a compostaxe doméstica e comunitaria"....

1. Que o desenvolvemento deste programa inclúa a participación e información da veciñanza co fin de implicala na estratexia de expansión da compostaxe comunitaria pública e privada e doméstica a través das charlas e formacións pertinentes para favorecer que os centros de compostaxe comunitaria se instalen nas zonas que faciliten a súa implantación.

Substituir "Que o desenvolvemento deste programa inclúa " por Que a promoción da compostaxe inclúa"....

Substituir os puntos 2 e 3 por: "que na futura ordenanza municipal de residuos se contemple a promoción da compostaxe como a modalidade preferente de xestión da fracción orgánica domiciliaria e dos residuos vexetais municipais".

Substituir o punto 4 por: "que a futura revisión da ordenanza fiscal de residuos incentive a xestión responsable e sostible dos residuos, sendo a compostaxe unha das mellores alternativas."

Substituir o punto 5 por: "que o Concello dispoña nos orzamentos municipais futuros recursos propios e xestione subvencións doutas administracións que permitan a promoción e potenciación da compostaxe".

Pola concelleira do grupo político municipal de Podemos-Marea da Vila aceptase a emenda.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción coa emenda presentada, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (10), BNG (1), Vilagarcía en Común (1) e Podemos-Marea da Vila (1), e cinco abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (5),

ACÓRDASE: Por maioría:

1. Que o Concello potencie a compostaxe doméstica e comunitaria, por ser unha das medidas máis eficaces para a redución da produción de residuos e en cumprimento dos novos requirimentos legais en materia de tratamento de biorresiduos, no que se especifiquen as zonas, tanto urbanas como rurais, nas que se realizará a expansión da compostaxe comunitaria.

1. Que a promoción da compostaxe inclúa a participación e información da veciñanza co fin de implicala na estratexia de expansión da compostaxe comunitaria pública e privada e doméstica a través das charlas e formacións pertinentes para favorecer que os centros de compostaxe comunitaria se instalen nas zonas que faciliten a súa implantación.

2. Que na futura ordenanza municipal de residuos se contemple a promoción da compostaxe como a modalidade preferente de xestión da fracción orgánica domiciliaria e dos residuos vexetais municipais.

3. Que a futura revisión da ordenanza fiscal de residuos incentive a xestión responsable e sostible dos residuos, sendo a compostaxe unha das mellores alternativas.

4. Que o Concello dispoña nos orzamentos municipais futuros recursos propios e xestione subvencións doutas administracións que permitan a promoción e potenciación da compostaxe.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220526&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- COMPARECENCIA DE DONA PAOLA MARÍA MOCHALES, EN CALIDADE DE CONCELEIRA DE URBANISMO, A PETICIÓN DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, EN RELACIÓN CO PROXECTO “MELLORA DE SEGURIDADE E ACCESIBILIDADE DO CAMIÑO ESCOLAR SEGURO AOS CENTROS DO ENTORNO DE MATOSINHOS”.

Dáse conta do Pleno da Corporación Municipal de data 24 de abril de 2022, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP, coa data de 19 de abril de 2022, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular de Vilagarcía, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula, para a súa discusión, e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 28 de abril de 2022 a seguinte:

Solicitude de comparecencia de Dona Paola María Mochales, en calidade de concelleira de Urbanismo, sobre o proxecto “Mellora de la seguridade e accesibilidade do camiño escolar seguro aos centros do entorno de Matosinhos”

EXPOÑEN

Tras consultar o contido do proxecto técnico para a “Mellora da seguridade e accesibilidade do camiño escolar seguro aos centros do entorno de Matosinhos” elaborado en marzo de 2019 baixo a dirección de Dona Lorena Otero, constatamos que varias das actuacións previstas neste proxecto poderían supoñer a perda de numerosas prazas de aparcamento nas diferentes rúas que compoñen o ámbito de actuación do referido proxecto. Sen embargo, o goberno local sostén que soamente se perderán 25 prazas de estacionamento.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular de Vilagarcía

SOLICITA

A comparecencia de Dona Paola María Mochales, en calidade de concelleira de Urbanismo, para responder ás seguintes preguntas en relación ao proxecto “Mellora de la seguridade e accesibilidade do camiño escolar seguro aos centros do entorno de Matosinhos”:

1.- ¿Cantas prazas de aparcamento e/ou estacionamento se perderían a consecuencia da posta en marcha deste proxecto nas seguintes rúas?

- Rúa Fontecarmoa
- Rúa Xunqueira
- Avenida Doutor Tourón
- Avenida Matosinhos

2.- ¿Continúa mantendo as declaracións públicas realizadas por parte do goberno local nas que aseguraban que este proxecto suporía soamente a perda de 25 prazas de aparcamento?

3.- Nun comunicado enviado desde o goberno local aos medios de comunicación o pasado 12 de abril, sostíñan que os cálculos realizados por este grupo no relativo ao número de prazas de aparcamentos que se perderían con este proxecto “non coinciden nin cos do goberno, nin co dos técnicos, nin moito menos cos da realidade”. ¿Cales son entón os cálculos realizados por parte do goberno e dos técnicos? ¿Por qué nesa nota non argumentaron a súa postura ofrecendo as cifras reais derivadas dese cálculo?

4.- ¿Considera que sigue mantendo a súa vixencia un proxecto que foi elaborado en 2019 e que se porá en marcha en 2022 cando tantos cambios se teñen producido na fisionomía de Vilagarcía e co número de prazas de aparcamento que se perderon ao longo destes anos?

5.- ¿A “marcación dun paso peatonal segregado” na Rúa Fontecarmoa ten previsto permitir unicamente o acceso aos garaxes ou se permitirá algún tipo de aparcamento/estacionamento?

6.- ¿A introdución dun carril bidireccional segregado na Rúa Xunqueira permitirá o estacionamento/aparcamento en liña como ata o de agora?

7.- Unha vez introducido o carril bici segregado e ampliadas as beirarrúas no tramo de subida da Rúa Xunqueira cara Doutor Tourón, ¿considera que hai suficiente espazo para que convivan ao

mesmo tempo e sen problema a circulación de vehículos, as prazas de aparcamento/estacionamento, as beirarrúas ampliadas e o carril bici?

8.- ¿Cree vostede que as “técnicas de urbanismo táctico” previstas coa creación dun “espacio estancial” fronte ó acceso ao EEI Vagalume cumprirán as características propias de este tipo de planificación urbanística? A saber: baixo custo, pequena escala, rapidez na execución, reversibilidade e participación cidadá na toma de decisións.

9.- ¿En base a qué criterio considera que a eliminación das zonas de aparcamento a partir do número 5 no tramo de beirarrúa impar da Avenida Matosinhos (tal e como recolle o proxecto) devolverá a “dignidade” a esa liña de fachadas? ¿Supón esta afirmación un recoñecemento implícito de que actualmente ditas fachadas son “indignas”?

10.- ¿Considera asumible, dada a progresiva e obxectiva perda de aparcamentos en Vilagarcía durante os últimos anos, a eliminación do aparcamento actualmente existente na intersección da Avenida Doutor Tourón e a Avenida Matosinhos?

11.- ¿Por qué a pesar de que o proxecto fala abertamente da substitución deste aparcamento por “un pequeno parque urbano” non contabiliza vostede esas máis de 17 prazas no suposto cómputo total de 25 manifestado publicamente?

12.- ¿Por qué no nome do proxecto e nas diferentes manifestacións públicas realizadas por parte do goberno local soamente fan referencia aos camiños escolares seguros e non mencionan en ningún momento a introdución dun carril bici?

13.- ¿Nalgún momento ten previsto manter algún tipo de xuntanza ca veciñanza do barrio, co persoal dos centros educativos e coas familias dos/as estudantes para abordar este proxecto?

En Vilagarcía de Arousa, a 19 de abril de 2022.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

Por unanimidade das persoas representantes de tódolos grupos políticos municipais presentes na Comisión Informativa informase favorablemente a comparecencia da Concelleira de Urbanismo, sobre o proxecto "Mellora da Seguridade e accesibilidade do Camiño Escolar Seguro aos centros do entorno de Matosinhos".

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a a comparecencia da Concelleira de Urbanismo, sobre o proxecto "Mellora da Seguridade e accesibilidade do Camiño Escolar Seguro aos centros do entorno de Matosinhos", que se levará a cabo no próximo pleno ordinario.

Pola Sra. Maria Mochales respondese ás preguntas formuladas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220526&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220526&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos

incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas,o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220526&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

14.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220526&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

15.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Por parte do público asistente fórmulanse preguntas..

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20220526&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:40, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.